



MANUEL CASTRO LÓPEZ, REPUBLICANO, ANTICLERICAL E GALEGUISTA CANDO NON ERA FÁCIL SELO

Antonio Prado Gómez, Dr. en Historia

Os anos lucenses

Manuel Castro López nace en Lugo o 22 de xullo de 1860 na Rúa Nova nº 48¹. Era fillo de Manuel Castro Gayoso, que morrería en 1898² e de María Josefa López Díaz falecida en 1905³, e tivo polo menos dous irmáns: Ramón e Dionisio⁴. Outro dos trazos familiares que habería que destacar na identidade do personaxe era que en 1885 contraería matrimonio con Ramona de la Peña y Salvador⁵.



**CASTRO Y LOPEZ, al comenzar
sus actividades periodísticas en
la ciudad del Sacramento.**

Tras uns primeiros estudos en Lugo pasaría a traballar como escribente nos xulgados da capital e a ocupar outros empregos eventuais⁶, para iniciar aos vinte anos a actividade periodística que marcaría o resto

⁶ Segundo *El Lucense* do 04-04-1891 por esa época era aínda actuario do señor Parga.

¹ *Vida Gallega* do 20-09-1926. Dionisio Gamallo Fierros no seu artigo sobre Castro López publicado en *El Progreso* do 13-07-1960 ofrece textualmente a acta de nacemento do escritor segundo a cal naceu ás 10 da mañá do día indicado.

² *El Regional* do 03-11-1898 e *El Eco de Galicia* do 30-11-1898 recollendo unha noticia da *Revista gallega*, ano IV, nº 191 do 06-11-1898.

³ *El Norte de Galicia* do 04-12-1905 e *El Eco de Galicia* do 30-12-1905.

⁴ *El Regional* do 03-11-898 e *La Idea Moderna* do 11-01-1899.

⁵ *Gaceta de Galicia* do 10-07-1885.

MANUEL CASTRO LÓPEZ, REPUBLICANO,
ANTICLERICAL E GALEGUISTA CANDO NON ERA FÁCIL SELO

da súa vida, incorporándose como redactor á revista *La Juventud Galaica*, xornal fundado en 1882 que non duraría moito tempo (Soto, 2012, p. 35)⁷. Tamén colaborou co semanario ourensán *El Heraldo Gallego* que fundara en 1874 Valentín Lamas Carvajal⁸.

Ideoloxicamente desde moi novo amosaría un pensamento radical que confrontaba de cheo co ideario da Restauración imposto en España a partir de 1875, e moi pronto afiliárase ao Partido Republicano Democrático Federal, opción política derivada do Partido Demócrata que en 1868 contribuíra á expulsión de España da raíña Isabel II, e do que era líder indiscutido Francisco Pi i Margall. Na contorna lucense, Castro López convértese nos anos oitenta en secretario do Comité local dese partido⁹.

A significación política que foi acadando permitíralle participar, tamén como secretario (Soto, 2012, p. 47), na Asemblea do Partido Republicano que se celebrou en Lugo os días 5 e 6 de xullo de 1887 nos locais da Escola Normal, sita no antigo convento de San Domingos da cidade, reunión na que se ratificou o Proxecto de Constitución para un futuro Estado galego elaborado catro anos antes polo Consello Federal de Galicia. Foi aquela unha intensa experiencia política na que participaron outros coñecidos lucenses: Segundo Moreno Barcia (como presidente), Manuel Mosquera Lequerica (como representante por Lugo), Manuel Leiras Pulpeiro (como representante por Mondoñedo) e Aureliano José Pereira (como representante da prensa federal). Por ter lugar nunhas dependencias oficiais como eran as dun centro educativo que

⁷ *La Juventud Galaica* era herdeira de *La Juventud* fundada en 1880. En 1885 Castro López enviaba a *El Regional* unha nota a modo de epitafio pola desaparición do periódico clerical mindoniense *La Juventud*, que non hai que confundir co que colaborou o escritor, moi afastado da liña ideolóxica do xornal mindoniense (*El Regional* do 16-12-1885).

⁸ *El Heraldo Gallego* do 20-01, 31-05, 10-06, 20-06-1879.

⁹ *El Regional* do 21-05-1886 recollía do periódico *La República* a composición do Comité Republicano Federal de Lugo do que eran presidentes honorarios Francisco Pi i Margall, Segundo Moreno Barcia e Telesforo Ojea y Somoza; presidente efectivo Bernardo María Abuín y Sal; vicepresidente José Fernández Carballo, vogais Tomás Nieto Imaz, Felipe Fernández y González Tiburcio de Alba y Botrán e secretario Manuel Castro López. Tomás Nieto Imaz era en 1887 director da Escola Normal e polo tanto hai que pensar que foi quen facilitou o local da reunión.

as ocupaba desde que se consumou o proceso de exclaustación, a utilización das mesmas polos republicanos levaría certa polémica, controversia que se incrementou cando os asistentes substituíron o retrato da raíña rexente María Cristina pola alegoría da República, o que o xornal monárquico *El Eco de Galicia* denunciara, facendo recaer as sospeitas de complicidade cos federais no propio gobernador civil de Lugo, Víctor Ahumada¹⁰.



Fig. 2. Escola Normal no convento dos dominicos de Lugo, onde se celebraría a Asemblea do Partido Republicano en 1887.

O mesmo ano da mencionada asemblea, Castro López fundaría o semanario *El Ciudadano* (Soto, 2012, p. 37), un xornal orientado a defender algunhas das ideas políticas máis radicais que se manifestaban neses momentos, sen que por iso abandonase outras colaboracións periodísticas como as que mantiña co semanario artístico *Murmillos Literarios*¹¹ e sobre todo co diario *El Regional* que dirixía Aureliano José Pereira con quen compartía o credo republicano e

¹⁰ *El Eco de Galicia* do 07-07-1887. Este xornal monárquico e conservador advertía tamén que as sesións da Asemblea remataran “en medio de la más completa indiferenza del público,...” lb. *El Regional* do 09-07-1887 co Proxecto de Constitución para o Estado galego que foi discutido e aprobado na reunión.

¹¹ *Murmillos Literarios* do 07-01-1887.

galeguista¹². Nos seus escritos Castro López amosaría dende moi cedo un manifesto espírito anticlerical, o mesmo que testemuñaba nunha obra titulada *Los jesuitas al desnudo* que publicou tamén en 1887. Este libro, prologado polo seu colega nos labores xornalísticos Manuel Amor Meilán, pode considerarse como punto de partida do enfrontamento que mantería coa xerarquía eclesiástica lucense, hostilidade que lle traería nada boas consecuencias¹³.

Porén, non era esta a súa primeira obra porque catro anos antes editara xa, na imprenta de Antonio Villamarín, un libro de poesías titulado *Preludios* que dedicou ao seu correxionario Segundo Moreno Barcia e que contiña os seguintes once poemas: *La Superstición* –brindado ao periodista Romualdo Acevedo Rivero– *¡Ay, del que cae!*, *Mi juramento*, *La guerra*, *A Plácido* –dedicado ao poeta cubano Gabriel de la Concepción Valdés¹⁴–, *Piedad filial*, *La mentira*, *Contraste*, *En la lucha*, *Por la duda* e *A un crítico madrileño*.

Por referencias do diario *El Regional*¹⁵ sabemos que Castro López era cara a 1890 correspondente do periódico político madrileño *El Resumen*, xornal nacido cinco anos antes para soste os valores da Constitución progresista de 1869 e que tiña como principais presupostos a defensa da monarquía constitucional e da liberdade (Boned, 1996, pp. 247-257). Non podía considerarse un periódico revolucionario, pero en calquera caso as crónicas do noso autor non eran ben recibidas polos xornais máis conservadores, e non só en Lugo, senón tamén, na Coruña ou Ferrol, ata o punto que algún diario as criticaría con severidade ao mesmo tempo que se equivocaba cando consideraba a Castro López director

de *El Regional* confundíndoo con Aureliano José Pereira; ante semellante erro, o periódico lucense respondería deixando ben claro que se xulgaba desde o punto de vista ideolóxico como liberal “fusionista”, ideoloxía que non era precisamente a de Castro López.

Pero as afeccións literarias do noso autor dirixíanse tamén en dirección a outros horizontes, en concreto aos da biografía e da historia, demostrando un particular interese pola historia local e publicando en 1890 un libro titulado *Hijos distinguidos de la provincia de Lugo* que dedicou ao arquivista e editor Andrés Martínez Salazar¹⁶. É esta unha obra na que reúne sete biografías de lucenses ilustres xa falecidos, entre os que figuraban algúns de claras inclinacións republicanas: Xosé Teixeira Vaamonde, Agustín María Acevedo, Eladio Fernández Vila, Víctor García de Casares, José Bolaño Rivadeneira, Manuel P. Canoura y Telesforo Ojea y Somoza¹⁷. Como o mesmo autor advirte na introdución recollía nese volume traballos anteriores aparecidos en diversas publicacións coas que colaboraba, como a revista coruñesa *Galicia* que dirixía Manuel Martínez Salazar (Teixeiro), o *Álbum literario* ourensán (Acevedo), *La República* de Madrid (Fernández Vila), no semanario lucense *El Ciudadano* (García de Casares), en *El Resumen* de Madrid (as de Bolaño e Canoura) e no periódico catalán *El Autonomista* (a de Telesforo Ojea). Desá información pode deducirse tanto a diversidade de contactos periodísticos que tiña o noso autor como as súas evidentes tendencias ideolóxicas esquerdistas e autonomistas. O libro adquiriría ademais o sentido de facilitar no futuro a desexada elaboración dun Dicionario de Galegos Ilustres que, de momento, quedaría en proxecto¹⁸.

16 Andrés Martínez Salazar (1846-1923) foi responsable desde 1872 do Arquivo Histórico de Galicia instalado na Coruña, cidade desde a que realizou tamén un importante labor de editor. O semanario da asociación obreira pontevedresa –a quen Castro López fixera un donativo de 345 pts.– *El Obrero* do 16-11-1890 -felicitaba o autor por tan interesante traballo, e o mesmo faría polo impulso que dera á creación da Asociación de Escritores e Artistas de Lugo (*El Obrero* do 13-12-1890) e pola publicación de *Efemérides Galaicas* (*El Obrero* do 05-04-1891).

17 *El Regional* do 23-10, 11-11 e 14-11-1890; como se anunciaba a súa venda a unha peseta na casa do autor, sabemos que vivía neses momentos na Rúa Nova nº 9, principal.

18 Colaborou tamén en *Galicia Diplomática*, vid. nº 2 de 1892, cun traballo numismático.

Ao ano seguinte sacaría á luz o traballo *Efemérides galaicas*, unha obra erudita editada en 1891 pola imprenta de *El Regional* na que desenvolve unha minuciosa historia cronolóxica repleta de noticias sobre toda Galicia nun percorrido que vai do século VI d. C. ata a data de publicación do libro, dedicando unha particular atención á cronoloxía do XIX¹⁹. Na introdución desa obra o autor resaltaba as dificultades da súa investigación xa que no seu contorno vital non existía afección á lectura, nin había protección nin recursos para os estudosos, nin os arquivos nos que se conservaba a documentación estaban nas mellores condicións, e en Lugo “el idolatrado pueblo de mi naturaleza y vecindad” apenas tivera outras opcións informativas que as da súa humilde biblioteca particular.



Fig. 3. Efemérides galaicas, 1891.

El Lucense, periódico católico co que Castro López terminaría enfrontado, editaba no seu número do 4 de abril de 1891 unha benévola referencia sobre esta publicación ao tempo que agradecía ao autor a

19 O periódico *El Regional* publicaría as *Efemérides* a partir do número do 18 de novembro de 1890 en forma de folletín (*El Regional* de 07-11, 17-11 e 18-11-1890). Noutro número do 03-04-1891 o mesmo xornal recomendaba a obra para que figurase en calquera biblioteca, e destacaba o laborioso esforzo do autor para reunir as dúas mil referencias que contiña; a Deputación días despois acordaría adquirir 60 exemplares e o Concello outros 40 (*El Rexional* do 20-04 e 16-05-1891).

dedicatoria dun exemplar, e destacaba a laboriosidade e amor ao estudo que demostraba, advertindo que o volume de 246 páxinas vendíase naquel momento a 2,50 pts exemplar²⁰. Porén, esas relacións entre o xornal e o escritor non tardarían en adquirir outro ton moi diferente, e xa en setembro²¹o portavoz do clero lucense recollía unha noticia do seu colega coruñés o *Diario de Galicia*, tamén católico, na que se criticaba o “ridículo *meeting* organizado por una media docena de predicadores de oficio” o 30 de agosto anterior no santuario da Pastoriza en Arteixo. Eses propagandistas foran tamén autores dun “papelucho” que titulaban *El Telegrama* e que distribuíron entre unha “masa inconsciente de obreros”, os cales aplaudiron a uns oradores entre os que se encontraba Manuel Castro López. Polo que afirmaba o clerical diario, o autor lucense alardeou do anatema que lle lanzara o bispo Gregorio María Aguirre e asegurou que llo devolvera con todas as súas enerxías. O comentarista do católico e conservador xornal non perdía ocasión de resaltar algunhas incoherencias dos, para el, tumultuosos manifestantes, que se declaraban republicanos mentres defendían o rei de Italia (por entón enfrontado ao poder temporal do Papado), clamaban contra a peregrinación ao santuario da Pastoriza, invocaban a Constitución, aseguraban que a monarquía e o clero serían “sepultados en el abismo” e predicaban a liberdade de conciencia mentres gritaban “muera el que no piense igual que pienso yo”. Este acto debeu ter certa repercusión xa que consta a apertura dun xuízo de conciliación entre o director de *El Eco de Galicia* –periódico conservador publicado en Lugo entre 1872 e 1898 que non hai que confundir co que dirixiría Castro López na Arxentina co mesmo título– e Castro López, que se presentaba como correspondente de *El Telegrama*, proceso no que o xornalista López estaría defendido por Romualdo Acevedo Rivero e no que saíron á luz uns versos anónimos contra o bispo Aguirre que ao parecer se lle atribuían ao noso personaxe²².

20 *El Lucense* do 04-04-1891.

21 *El Lucense* do 02-09-1891.

22 *El Regional* do 22-05-1889. Romualdo Acevedo Rivero (1848-1902) foi un avogado, xornalista e escritor. En Lugo dirixiría o periódico *La Idea Moderna* ata 1902 e sería concelleiro e alcalde interino da cidade.

Dous meses despois, o inqueda autor, con ocasión dun comentario ao opúsculo poético *Otoñales* de Aureliano José Pereira a quen cualificaba como o Bécquer galaico, aproveitaba para denunciar unha serie de premisas sociais que evidentemente non compartía: “instituciones políticas y religiosas que se llaman a sí mismas sagradas y soberbias y estúpidas, dominan determinadas naciones, existen representantes del pueblo que, vividores, encienden una vela a San Miguel y otra al diablo, y supersticiones brutales, y falta de hábitos de honradez y prostitución y miseria”²³. Era toda unha declaración ideolóxica e unha crítica social que lle enfrontaría cos seus concidadáns máis conservadores e reaccionarios, facendo cada vez máis difícil a súa estancia na capital lucense²⁴.

Nas diatribas coa Igrexa de Lugo e co xornal que era o seu portavoz tamén participaría a recente nacida *Asociación de Escritores y Artistas* que solicitou a publicación no periódico católico dun escrito no que desautorizaba as críticas dirixidas á *Asociación* desde algúns periódicos rexionais sobre o desenvolvemento dun certame literario que tiña celebrado, desculpando o seu secretario Castro López a quen se acusaba de propagar inxustificados rumores²⁵.

Esta *Asociación* era una entusiasta iniciativa para desenvolver a vida social e cultural lucense que contou con importantes apoios persoais, como o do músico Xoán Montes Capón ou a do catedrático Sotero Bolado Alonso, ademais do apoio da maior parte da prensa local agás o diario *El Lucense*, xa declarado inimigo de Castro López²⁶.

²³ *El Regional* do 19-07-1889.

²⁴ Ata eses momentos Castro López non dubidaba en participar en celebracións lúdicas, como a que se celebrou en agosto de 1890 para homenaxear a banda de música que dirixía Baldomero Latorre Capón e que viña de triunfar nun certame musical celebrado en Xixón (*El Regional* do 30-08-1890).

²⁵ *El Lucense* do 17-09-1891.

²⁶ El semanario pontevedrés *El Obrero*, ano II, nº 68 de 18-10-1891, publicaría integramente as cartas de Manuel Castro López nas que recordaba os valores colectivos da nova Asociación que respondía ao lema: “Mejor se ayudan unidos” e os precedentes desafortunados que tivera. Así mesmo, comentaba noutra epístola as reunións mantidas para a súa constitución, a formación da primeira directiva, as dúas seccións que a compoñían segundo indicaba o seu título cos individuos que as representaban e os dous socios honorarios que se recoñecían: Murguía e Pardo Bazán. A postura apolítica permitía que se integrasen nela persoas de todas as ideoloxías e por iso a única oposición fora a do clero.

Como do desenvolvemento da *Asociación* xa nos temos ocupado (Prado, 2022) aquí trato sobre todo de resaltar o importante papel desempeñado por Castro López dentro da mesma, xa que se lle debe considerar como o seu principal impulsor (Soto, 2012, p. 32) e como o autor dun documentado folleto sobre a súa breve historia²⁷. Como recoñecemento ao seu labor sería nomeado secretario da *Asociación* e foi un cooperante activo nas primeiras actividades por ela desenvolvidas, como sería a velada que se celebrou o 21 de febreiro de 1891 na que o propio Castro López presentou un traballo sobre o ilustrado lucense Juan Francisco de Castro.

As críticas aludidas máis arriba realizáronas algúns xornais coruñeses pola organización dun Certame convocado para as festas de San Froilán de 1891, e provocaron unha disputa entre Castro López e o director de *La Idea Moderna* e presidente da sección literaria da *Asociación*, Romualdo Acevedo Rivero, quen pouco antes fora o seu avogado defensor, polémica que motivaría a dimisión do segundo e a renuncia, logo retirada, do primeiro (Prado, 2022, p. 100)²⁸.

²⁷ *La Asociación de Escritores y Artistas de Lugo*, Lugo, imprenta de Juan A. Menéndez, 1891. En *El Regional* do 16-11-1890 a Asociación madrileña felicitaba á lucense por ser a primeira de Galicia.

²⁸ *El Regional* do 14-09 e 15-09-1891.

Porén, as relacións de Castro López coa *Asociación*, e mesmo con algúns colegas dos periódicos locais²⁹, deberon empeorar a partir do mes de setembro de 1891 se atendemos a unha noticia de *El Regional* na que alude a que, desgustado pola escasa consideración que se lle prestaba, utilizou a algúns diarios coruñeses como *El Telegrama* para facer públicas as súas lacerantes críticas³⁰.



CASTRO Y LOPEZ, en 1892, poco antes de salir de España para el Nuevo Mundo.

De calquera xeito, estes problemas deberon coadxuvar para que o noso personaxe tomase a decisión de marchar ao exilio. Cando a súa ausencia e a morte do presidente Sotero Bolado en 1894 aceleren a desaparición da *Asociación*, Castro López atopábase xa afastado de Galicia e instalado en Bos Aires, a onde partira ante a declarada hostilidade de certos colegas e dunha igrexa lucense dirixida por un bispo de acusada

²⁹ As disputas entre os escritores e periodistas Manuel Amor Meilán, Romualdo Acevedo Rivero e Manuel Castro López eran evidentes, e algunhas desas controversias quedaron reflectidas na prensa local, por exemplo en *La Idea Moderna* do 08-03-1898 e *El Regional* do 09-03-1898.

³⁰ *El Regional* do 12-09-1891.

personalidade, Gregorio María Aguirre, que non lle perdoaba os seus continuados ataques anticlericais e que conseguiu crearlle na cidade un clima pouco propicio para as súas actividades como publicista. Tal vez se trate en definitiva de valorar unha decisión provocada ao mesmo tempo por envexas profesionais e pola xenreira dos elementos máis reaccionarios da cidade de Lugo, de todo o que Manuel Castro López se desprendería partindo a fins de marzo de 1892 coa intención de coller un barco que o levaría a América³¹.

Mais, non todos os colegas publicistas de Castro López lle eran hostís. O seu amigo Galo Salinas sentiría a súa marcha con sinceridade e dedicarlle unha emotiva despedida que publicou no *Diario de avisos de La Coruña*³² na que advertía que o país que o acollía ofrecería a hospitalidade que lle negaba a súa terra natal, xa que, seguindo as declaracións do exiliado, as néboas de Lugo chegaban a asfixialo e o baleiro que o rodeaba pesaba como unha lousa. Galo Salinas non esquecía que a cobiza dos seus veciños tivera que ver na decisión, pero estaba seguro de que Galicia lle debería máis na emigración que si estivera “arrullado en su maternal regazo”. No mesmo periódico se daría conta da magnífica acollida que recibiu Castro López en Bos Aires, que xa asinaba os primeiros artigos en *El Eco de Galicia* e que recibira unha serenata de benvida do Orfeón Centro Gallego³³. Uns meses despois dirixía ese periódico bonaerense e nel aparecía o *Canto Heroico* de Galo Salinas, tal vez como mostra de gratitude polo apoio prestado polo seu colega coruñés³⁴.

³¹ *El Regional* do 31-03-1892 informaría puntualmente da súa marcha, indicando que o 30 de marzo de 1892 partía da cidade en tren ata Vigo (noutras referencias á Coruña), onde collería un barco en dirección a América do Norte, xa que a súa primeira intención fora a de instalarse en Washington, aínda que o seu asentamento definitivo sería en Bos Aires. *Ib. El Eco de Galicia* do 30-03-1892 coincidía na información engadindo que o acompañaba a súa esposa pouco despois.

³² *Diario de avisos de La Coruña*, ano XXI, nº 10375 do 12-04-1892. Galo Salinas Rodríguez (1852-1926) foi un periodista e dramaturgo que coñecía a experiencia emigratoria, pero regresou a Galicia en 1876.

³³ *Diario de avisos de La Coruña*, ano XXI, 10454 do 19-07-1892. *Ib. El Telegrama* de 26-07-1892. O Orfeón Centro Gallego nomearía presidente honorario pouco despois (*El Eco de Galicia* do 04-09-1892 e *Gaceta de Galicia* do 29-09-1892).

³⁴ *Diario de avisos de La Coruña*, ano XXII, 10510 do 25-01-1893.

Esta primeira etapa da frutífera vida de Manuel Castro López sería pronto glosada polo seu correligionario Adolfo Vázquez Gómez³⁵ quen ofrecía moitas noticias sobre o noso personaxe no xornal *El Telegrama* de 12 de abril de 1892. O motivo do artigo era o anunciado exilio do lucense que Adolfo Vázquez explicaba por estar “Cansado de tropezar con la indiferencia y el fanatismo en la ciudad donde vivía –Lugo–; e decidía marchar “a un país libre y rico, en el cual se hace justicia a la laboriosidad, al talento y al estudio.”



GALO SALINAS RODRÍGUEZ,
DISTINGUIDO ESCRITOR Y DRAMATURGO GALLEGO

Fig. 5. Galo Salinas Rodríguez, *Almanaque Gallego* de 1898, p. 69.

35 O ferrolán Adolfo Vázquez Gómez (1869-1950) foi un xornalista que colaborou con varios diarios locais, rexionais e nacionais. Militante federalista participaría na revolta de 1886 e como consecuencia exiliouse en Portugal. Regresou a Galicia en 1889 e foi redactor de *El Telegrama*, pero en 1892 emigraría a Bos Aires para logo establecerse en Montevideo.

Está claro que para Adolfo Vázquez as actividades e o traballo de Castro López non foran estimados polo pobo lucense, e non era posible que o escritor fixera fortuna “al lado del Palacio del obispo, de la célebre Catedral y del semillero de curas y monjas, denominado Convento de Agustinas y Seminario Conciliar. Nuestro queridísimo correligionario es incompatible con todos esos elementos que se alumbran con cera y aceite: Castro López es partidario de la luz del sol y de la luz eléctrica.”



Fig. 6. Adolfo Vázquez Gómez, *Almanaque Gallego* de 1898, p. 72.

Recordaba logo Vázquez Gómez que Castro López tivera unha actividade intensa como xornalista desde 1879, que en 1892 fora elixido secretario do comité republicano de Lugo que presidía Manuel Mosquera Lequerica³⁶ e que participou na Asemblea de 1887, que se iniciou –como o mesmo biógrafo– na masonería, que fundou a Asociación de Escritores e Artistas de Lugo e que á altura de 1892 xa era autor dunha importante obra literaria da que mencionaba algúns títulos: *Efemérides Galaicas*, *Bosquejos sociales*, *Hijos distinguidos de la provincia de Lugo*, *Los jesuitas al desnudo* e *Glorias de Galicia* (no prelo). Adolfo Vázquez cerraba as referencias biográficas mencionando a saída do lucense para América e despedíao persoalmente cunha grande emoción e afecto, agarimo que o periódico onde escribía compartía.

O exilio arxentino

Calcúlase que, entre 1857 e 1960, 600.000 galegos, impulsados polas sucesivas crises de subsistencia, a falta de traballo, a procura dunha melloría social ou por razóns de índole política, establecéronse na Arxentina, o país americano de preferencia dos emigrantes galaicos. Pois ben, Manuel Castro López sería un deles cando decida trasladarse a unha nación que o acollería con afecto desde 1892 ata a súa morte en 1926, é dicir, durante a maior parte da súa vida.

36 *El Telegrama* do 28-01-1891.



Fig.7. *El Eco de Galicia* do 10-01-1893.

Establecido na cidade bonaerense, comezaría a colaborar co periódico *El Eco de Galicia* que fundara ese mesmo ano o debuxante e caricaturista José María Cao Luaces para, meses despois, facerse cargo da publicación. *El Eco* converteríase baixo a dirección de Castro López no principal órgano de información dos emigrados galegos na Arxentina e nun xornal de recoñecida calidade³⁷.

Porén, a actividade do noso escritor levaríao en 1898 a dar un paso máis no seu andar periodístico e fundar o *Almanaque Gallego*, publicación que nacía como eloxio á súa terra natal e que se converteu

37 Un eloxioso comentario a esta publicación ofrecíaa o *Boletín oficial del Centro Gallego* (do que Castro López era socio honorario), ano XII, nº 163 do 15-03-1917 con motivo do seu 25 aniversario americano. Outro coa mesma efeméride do *Almanaque Gallego* aparecería no diario *El Compostelano* do 07-01-1922.

nunha gabada revista gráfica na que se mesturaba a información puntual cos traballos literarios. O *Almanaque* prolongaría a súa vida ata un ano despois da morte do seu promotor, gozando sempre dun gran prestixio entre os lectores galegos e americanos ao colaborar nel as principais sinaturas da época, como Alfredo Brañas, Carré Aldao, Martínez Salazar, Eduardo Pondal, Galo Salinas, Francisco Tettamancy ou Indalecio Varela Lenzano.




Fig. 8. Portada do *Almanaque Gallego* do 1898.

Na presentación do primeiro *Almanaque Gallego* que Castro López redactaba en outono de 1897, non esquecería a algúns dos amigos que o apoiaran no momento do exilio como Galo Salinas ou Alfonso Sánchez, advertindo que a nova publicación era un complemento de *El Eco de Galicia* que el mesmo dirixía, e que o seu obxectivo era o de dar a coñecer

a “pequena patria” nas repúblicas da Prata e, así mesmo, dar conta aos habitantes de Galicia do saber, do enxeño e da actividade dos emigrantes americanos. Trataba, polo tanto, de establecer unha venturosa relación entre os dous mundos que serían escenario da súa vida.

As tarefas de Castro López non remataron aí. Segundo escribe Sandra Fabiano Olivero³⁸ na Arxentina colaboraría con outras publicacións como o *Diario Español*, *Caras y Caretas*, *El Correo Español*, *La Nación*, *España*, *Correo de Galicia*, *Revista de Derecho*, *Historia y Letras* e a *Revista Argentina de Ciencias Políticas*, desenvolvendo un denso traballo profesional e intelectual que o faría merecedor de numerosas distincións: en 1899 sería nomeado socio de mérito da Liga Gallega, a agrupación rexionalista fundada na Coruña dous anos antes e que sobreviviría ata 1907; en 1909 a Real Academia de la Historia de Madrid elixiríao socio correspondente, e o mesmo faría en 1916 a Real Sociedad Geográfica de Madrid e a Real Academia Galega en 1920.

Estes recoñecementos non pasarían desapercibidos para os seus compañeiros arxentinos, que con ocasión do primeiro deles dedicarían a Castro López unha gran festa social que recolleu con pormenor *El Eco de Galicia*³⁹ e na que non faltaron os familiares, os amigos e os discursos. Entre estes últimos destacou especialmente a intervención de Avelino Veloso, o presidente do Orfeón do Centro Gallego, que ademais de ofrecer unha medalla de ouro ao homenaxeado, dedicoulle o seguinte brindé poético:

38 Autora da biografía de Manuel Castro López no Dicionario Biográfico Español da Real Academia de la Historia <http://dbe.rah.es/biografias/54031/manuel-castro-lopez>

39 *El Eco de Galicia* do 20-09-1909, pp. 2-4. Houbo outras homenaxes anteriores como a do banquete celebrado no Círculo Gallego en 1904 (*Revista gallega*, ano X, nº 511 do 31-12-1904), ou o ofrecido pola colonia galega de Montevideo o 13 de marzo de 1907 (*Galicia*, ano II, nº 20 de 15-05-1907), nun país no que algúns anos antes pronunciara un discurso na cidade de Concepción comentando o seu periplo emigratorio (*La Idea Moderna* do 06-01-1898).

Para facer un rondel

sempre me sobra sentir

n-o fondo d’o meu rabel.

Mais ¿qué lle podo decir

eu á un sabeo como él?

Mellor me fora calar,

y-o rabel n-a ucha meter,

e non poñerm’ á cantar

e votarm’adeprender,

e de cansarvos deixar.

Pro ben sabe Dios que non

teño comigo malicia,

nin tampouco ispiración.

Non é un fillo de Galicia

o que honramos ¿Si, ou non?

Pois si é fillo distinguido,

o meu curazón dorido

non ll’ escatima un rondel.

N’hay dúbida; o chan querido

alcontra moita honra n’el.

Veñen as primeiras frores

de Galicia, prestamente;

e con elas, seus amores;

e orlemos todos, señores,

a sua brillante frente.

Qu’a sua alma y’alma non ten

pra nosa terra querida,

mais que groria, amor e ben:

¡ pepita d’ouro escondida

n’os montes d’a sua sen!

E, por fin, unha rondeña,

faréi en vez d’un rondel

para brindar, por mais seña,

por doña Ramona Peña

e pol-o seu don Manuel.

Nesa Argentina que non deixaba de recoñecer os seus méritos persoais e profesionais, e que no seu momento o acollera con mellor ánimo do que lle ofreceran moitos dos seus paisanos⁴⁰, Manuel Castro López complementou a súa actividade como publicista participando como membro activo en todas aquelas asociacións que pretendían aportar aires de renovación a Galicia, como a *Liga Redencionista Gallega* sociedade creada en 1910 e presidida en Bos Aires polo ribadense e republicano Genaro López Osorio, institución que mantiña o obxectivo de redimir os foros, o modelo de relación contractual que constrinxía o campesiñado galego⁴¹. Ademais, entre outras varias colaboracións, era presidente honorario da *Sociedad de Cacheiras y Recesende* unha das sociedades vernáculas que tivo relación co país arxentino⁴².

A mirada desde a terra

Desde o outro lado do Atlántico, xa en 1897, a *Revista gallega* que dirixía Galo Salinas reproducía un escrito de Castro López no que respondía á mensaxe que lle dirixiran no mes de marzo desde Galicia Manuel Murguía e outros conterráneos, texto que o emigrado aproveitaba para facer unha autobiografía na que non se esquecía de comentar as circunstancias dun exilio que dera novo rumbo á súa vida⁴³.

Pola súa parte, os periódicos lucenses non perdían de vista os traballos que levaba adiante Castro López

40 O director do semanario *Correo de Galicia* José Ramón Lence publicaría en 1908 un retrato e un artigo sobre Manuel Castro López no que recordaba o importante labor desenvolvido desde que chegara á súa patria de adopción, e en especial o que levaba a cabo desde as páxinas de *El Eco de Galicia* (*El Norte de Galicia* do 27-07-1908).

41 https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2020/07/19/dos-marinanos-lideraron-cuba-Arentina-lucha-antiforal/0003_202007X19C6993.htm. *Ib. Vida Gallega* do 31-05-1910.

42 *Vida Gallega* do 15-07-1910.

43 *Revista gallega*, ano III, nº 120 do 20-06 e 27-06-1897. Poucos meses despois Castro López colaboraría nunha velada-homenaxe a Rosalía de Castro no duodécimo aniversario da súa morte, ocasión na que se publicou un libríño conmemorativo (*Revista gallega*, ano III, nº 128 do 22-08-1897 e ano IV, nº 154 do 20-02-1898).

no seu desterro arxentino e, con certa asiduidade recollían noticias súas ou das tarefas que realizaba, facéndose eco a miúdo dos xenerosos envíos das publicacións que editaba. O xornal *La Idea Moderna*, por exemplo, ofreceu o discurso que impartiu en Uruguai no ano 1897 co título de “Gratitud”⁴⁴, disertación na que non faltaron as referencias á súa viaxe desde Galicia que el mesmo cualificaba como longa e triste, sen esquecer veladas alusións á perda do poder colonial español que pronto culminaría coa derrota ante os norteamericanos na guerra de independencia cubana. A gratitude á que aludía no título da súa conferencia derivaba de que agora só vía as vantaxes da emigración e a súa virtude como un elemento que “dilata la patria”, polo que non parece que tivera intencións de retornar a Lugo e que se atopaba moi ben asentado no chan arxentino⁴⁵. O noso autor, sempre pendente dos avatares galegos, correspondería á atención do periódico lucense remitíndolle un exemplar do *Almanaque Gallego* que dirixía, e que o xornal eloxiaba aludindo aos seus ilustres colaboradores, magníficos gravados e excelente impresión; ao mesmo tempo, loaba a intelixencia e constancia dun Castro López que en poucos anos converteuse nun recoñecido cidadán americano, e recollía integramente a presentación que facía da publicación o seu director, un home que tanto se esforzaba por enaltecer a Galicia desde a súa afastada residencia⁴⁶.

44 *La Idea Moderna* do 06-01-1898. A noticia procedía do diario uruguaio *El Independiente*.

45 En 1897 os galegos residentes nese país obsequiaron a Castro López cunha magnífica tarxeta de ouro (*El Correo Gallego* do 25-02-1897); *Gaceta de Galicia* de 25-02-1897 e *Revista gallega*, ano III, nº 104 do 28-02-1897.

46 *La Idea Moderna* do 16-01 e 24-11-1898. Os eloxios repetiríanse ao recibir o seguinte número do *Almanaque Gallego* (*La Idea Moderna* de 14-02-1899). O mesmo periódico no seu exemplar do 16-02-1899 recordaba a defensa que facía Castro López da súa terra e das súas xentes nunha polémica con Francisco Grandmontagne, director do diario *La Vasconia* (revista da comunidade vasca en Arxentina) e autor dunha novela, *La Maldonada*, protagonizada por unha criada galega. Como consecuencia celebraríase un xuízo contra Castro López por inxuria e calumnia do que saíra absolto (*vid. El Diario de Pontevedra* do 06-02-1905 e *Galicia: revista semanal ilustrada*, ano IV, nº 11 de 12-03-1905). Pola contra, sería condenado noutro preito contra Martín Echegaray por artigos inxuriosos ofensivos en *El Eco de Galicia* (*El Diario de Pontevedra* do 29-07-1905), aínda que o delicado asunto quedou “amigablemente arreglado” tras un acto de conciliación entre os afectados (*Revista gallega*, ano XI, nº 545 do 26-08-1905).

Nalgúns dos seus números posteriores⁴⁷, *La Idea Moderna* daba conta da recepción doutros libros e artigos de Castro López, entre eles os *Almanaques* dos anos seguintes e diversos números do periódico *El Eco de Galicia* que dirixía, e non dubidaba en eloxiar todas as achegas do escritor expatriado. Tamén deixaba rexistro da súa integración en sociedades e asociacións galegas na Arxentina e dun recoñecido carácter filantrópico que lle impulsara a enviar 1.000 pts para socorrer as viúvas e orfos do barco “La Regente” que naufragara en Baiona (Lema, p. 23)⁴⁸, así como a remitir as 1.125 pts recadadas entre os galegos residentes na Arxentina para contribuír á construción dun mausoleo para o pintor galego Ovidio Murguía Castro, fillo de Rosalía de Castro e de Manuel Murguía⁴⁹.

Nun artigo que asinaba A. Bernárdez no mesmo xornal de *La Idea Moderna*⁵⁰ e que se incluía nunha sección co expresivo título de “Los que honran a Galicia”, considerábase que Castro López era sen dúbida un deles, definíndoo como “un apasionado adorador de la pequeña patria”. Así mesmo, o autor do artigo recordaba como nun día triste Castro López viuse obrigado a abandonar Galicia, rememorando a despedida que lle dera o asinante en abril de 1892 na cuberta dun transatlántico amarrado no porto de Vigo. Pese a levar neses momentos unha década fóra da súa terra natal, Castro López nunca deixou de traballar por ela, primeiro colaborando na revista *El Eco de Galicia* da que se responsabilizaría desde outono de 1892, recollendo na publicación excelentes traballos literarios de escritores galegos, artigos en defensa de Galicia, retratos de paisanos distinguidos ou diversos gravados con paisaxes da terra, dos seus monumentos ou dos seus tipos e costumes populares. Ademais, o activo publicista puxo en marcha o *Almanaque Gallego* que acababa de anunciar o número correspondente a 1903 dedicado a Manuel Murguía, e do que se adiantaban algunhas destacadas colaboracións (por exemplo as do propio Murguía, Manuel Leiras Pulpeiro, Segundo Moreno Barcia, Leandro de Saralegui y Medina ou Jesús Rodríguez López). O comentario de prensa remataba afirmando que cando xa era moi apreciado na Arxentina⁵¹ non podía menos que facerse acredor do cariño dos residentes na terra da que partira.

Outro diario, *El Regional*, xornal co que tiña colaborado Castro López antes do seu desterro, seguía igualmente as súas actividades publicistas e recollía o esbozo que dedicaba ao médico e escritor Jesús Rodríguez López en *El Eco de Galicia*. Tamén recibía compracido as súas publicacións, como a do *Almanaque Gallego* de 1901⁵², e comentaba os actos nos que participaba o exiliado en especial no ámbito do Círculo Gallego de Bos Aires desde 1907⁵³. Este mesmo xornal daría conta da noticia de que *El Eco de*

50 *La Idea Moderna* do 28-09-1902.

51 En xaneiro do 1906 ofreceríasele unha comida de homenaxe no hotel *España* de Bos Aires polos seus amigos e compatriotas (*El Norte de Galicia* do 02-01 e 09-01-1906).

52 *El Regional* do 21-10-1898 e 12-12-1900.

53 *El Regional* do 18-02 e 26-11-1899.

Galicia abría unha subscrición para reunir fondos cos que levantar un monumento ao músico Xoán Montes Capón, colecta que encabezaba o propio director con 100 pts⁵⁴. No mesmo sentido apoiaría a subscrición para conceder unha pensión a Manuel Murguía por iniciativa do Centro Gallego de Bos Aires⁵⁵.



Fig. 9. Caricatura de Castro López publicada en *Galicia*, revista quincenal ilustrada, ano III, nº 13 do 01-07-1908.

54 *El Regional* do 13-02-1904. A colecta para o monumento na honra de Montes acadou a cifra de 1.600 pts (*El Norte de Galicia* do 23-02 e 07-05-1904; *Galicia: revista semanal ilustrada*, ano II, nº 34 do 22-08-1903 e ano III, nº 14 do 03-04-1904). Ib. *El Correo Gallego* do 31-07-1903. Ib. *El Norte de Galicia* do 07-05-1904. Tamén participaría Castro López na comisión encargada de homenaxear a Pascual Veiga nun festival que se celebraría o 31 de novembro de 1906 (*El Diario de Pontevedra* do 26-11-1906 e *Galicia*, ano I, nº 5 do 01-10-1906).

55 *Vida Gallega* do 30-07-1913.

Pola súa parte *El Norte de Galicia* –un periódico conservador fundado en 1901 por Antonio Pardo Pardo-Montenegro–, no número do 27 de xullo de 1908 rememoraba os méritos do ilustre fillo de Lugo facendo fincapé nun artigo de José Ramón Lence⁵⁶ publicado na revista *Correo de Galicia* na sección de “Los gallegos en América”, escrito no que se facía unha eloxiosa descrición de Castro López que ía ilustrada cun retrato seu.

No número do 17 de decembro do mesmo ano de 1908, *El Norte de Galicia* dedicaba outro editorial ao noso personaxe asinado por José María Riguera Montero⁵⁷, no que destacaba o seu talento, a capacidade de estudo e a habilidade crítica que amosaba e que o cronista adornaba pola súa conta: “Con el talento se concibe la creación; con el estudio, se modela; con la crítica, se reconoce y proclama el mérito de la obra.” Unha vez máis salientábase a decidida defensa de Galicia da que facía gala Castro López e o seu esforzo por manter publicacións tan importantes como *El Eco de Galicia* ou o *Almanaque Gallego* sen por iso abandonar as súas investigacións históricas, sempre na procura do enaltecemento da terra na que nacera⁵⁸.

56 José Ramón Lence (1874-1951) foi un periodista galego emigrado a América en 1904 e que fundaría na Arxentina o semanario *Correo de Galicia* que chegaría a ser a publicación galega de maior difusión en América. Foi tamén o promotor do Centro Galego de Bos Aires en 1907.

57 José María Riguera Montero (1845-1922) foi un lucense nacido en Ourel que emigrou en 1907 a Uruguai dedicándose á avogacía e ao ensino; regresou a Galicia nos seus últimos anos. En *Vida Gallega* de 10-09-1917 publicábase outra carta súa que dirixía a Castro López sobre a importancia da gramática e na que o trataba como “Mi cultísimo amigo y correcto escritor”.

58 No medio de tantas gabanzas non faltou algún problema como o que significou o xuízo por calumnias proferidas contra Martín Echegaray que xa se mencionou, e do que se facía eco a revista *Nova Galicia* nos números do 24-07-1904 e 09-07-1905. Algo que non evitaba que a mesma publicación recoñecera o merecido nomeamento como membro da Real Academia da Historia o 19-09-1909 ou a importancia dos seus traballos e actividades o 20-12-1921.

Dun xeito máis breve, tamén, un xornal acabado de nacer, *El Progreso*, agradecía o envío dun exemplar do *Almanaque* de 1909 por conduto de Jesús Rodríguez López, agasallo que merecería un eloxioso comentario de Juan Ramón Somoza tanto no que se refería ao contido literario como á parte gráfica⁵⁹.

Con todas estas eloxiosas manifestacións e recoñecementos por parte dos seus colegas da cidade de Lugo, contrasta a postura do diario católico *El Lucense*, xornal que contemplaba con moito menos entusiasmo a actividade americana de Castro López e mesmo criticaba o seu nomeamento como secretario dun centro galego que se constituía en Bos Aires⁶⁰, xa que o clerical diario entendía que era un espazo de información que promoveran galegos que “lejos de la patria, fomentan un regionalismo mal entendido.” Pero, neste caso as críticas hai que valoralas desde a perspectiva dun xornal que tivera serías diferencias con Castro López antes do seu exilio e que fora un dos principais promotores da súa marcha de Lugo. Aínda así, este mesmo diario recoñecería anos despois o labor que desenvolvía na Arxentina o emigrado, a quen trataba de “particular amigo”, e mesmo reproducía textos do seu periódico *El Eco de Galicia*, como por exemplo o que dedicaba á biografía do musicólogo Indalecio Varela Lenzano⁶¹.

59 *El Progreso* do 06-12 y 08-12-1908.

60 *El Lucense* do 04-10-1893.

61 *El Lucense* do 18-10-1898.

Fóra do ámbito lucense tampouco faltaron os encomios para Castro López desde outras institucións⁶² e periódicos galegos. Entre estes últimos, o diario ferrolá *El Correo Gallego* –que dedicaba moita atención ás súas publicacións e actividades– destacaba ao escritor lucense entre todos os emigrados galegos na Arxentina, cualificándoo de “incansable e ilustrado publicista” e permanente defensor da terra galega⁶³. Valoraba que, rexeitando axudas dos amigos, decidiu embarcar na Coruña (non en Vigo, como afirmaban outros diarios) para América, onde o seu traballo pronto o colocou na dirección de *El Eco de Galicia*, unha das máis importantes publicacións americanas. O autor desa reportaxe, Jesús Segundo Rey Alvite, recordaba algunhas das súas contribucións e entre elas a edición do *Almanaque Gallego* no que cada ano colaboraban as sinaturas máis prestixiosas de Galicia.

A *Revista gallega* –publicación que dirixía desde Pontedeume Galo Salinas e que tamén seguía atentamente o labor desenvolvido por Castro López– dedicaba en 1902⁶⁴ un artigo sobre os galegos na Arxentina no que destacaba dun xeito especial o lucense, resaltando entre as súas calidades a afabilidade, o talento e o celo laboral. Pretendía explicar a súa decisión de marchar ao exilio aludindo á inimizade con algúns dos seus paisanos, polo que partiu da Coruña rexeitando as oportunidades que os amigos lle ofrecían. Na Arxentina axiña conseguiu unha posición ben relevante como director e propietario de *El Eco de Galicia*, o que complementou


62 Entre elas a sociedade *Unión obrera benéfica e instructiva* de Santiago que lle regalara un álbum fotográfico (*La Correspondencia Gallega* do 02-11-1898). En 1905 a sociedade ferrolá *Airiños d’a miña terra* enviáballe unha mensaxe de gratitude polos traballos que realizaba a prol de Galicia, mensaxe que na opinión de *El Correo Gallego* debería estenderse a outros emigrados galegos (*El Correo Gallego* do 07-03, 15-03 e 17-03-1905); Ib. *Galicia: revista semanal ilustrada*, ano IV, nº 13 do 26-03-1905 e *Revista gallega*, ano XI, nº 521 do 11-03-1905 e ano XII, nº 565 do 13-01-1906. Á homenaxe que lle ofreceu esta sociedade ferrolá adheríronse numerosas institucións e particulares (*El Eco de Galicia* do 10-11 e 30-11-1905). Nese mesmo ano de 1905 enviarían desde Galicia unha mensaxe con sesenta e tantos folios nos que figuraban unhas 4.000 sinaturas de significativos galegos que recoñecían o gran labor que Castro López levaba a cabo desde o exilio (*Gaceta de Galicia* do 12-08-1905 e *El Norte de Galicia* do 12-08-1905).

63 *El Correo Gallego* do 04-12-1902.

64 *Revista gallega*, ano VIII, nº 402 do 30-11-1902.

cun denso labor como publicista, como demostraba con algunhas referencias. O permanente afecto pola súa terra quedaba reflectido nas afectuosas relacións que mantiña con galegos como Manuel Murguía, Martínez Salazar ou Salinas Rodríguez entre outros. Por último, destacábase a súa vea poética e a publicación do *Almanaque Gallego*, todo o que lle fixo merecedor de numerosas homenaxes e distincións. O autor do artigo, outra vez Jesús Segundo Rey Alvite⁶⁵, remataba cun parágrafo que merece recollerse textualmente: “En resúmen, si el Sr. D. Manuel Castro López se hallase entre los que, teniendo las riendas del poder, rigen los destinos de la patria, otro sería el porvenir de esta tan hermosa como olvidada región”.

Tamén o diario mercantil *Noticiero de Vigo* incluía no seu número do 17 de xullo de 1911 un eloxioso recordo de Castro López con motivo da recepción do *Almanaque Gallego* dese ano, e non dubidaba en asegurar que era “el representante único de la cultura galaica en la Argentina”. O mesmo *Noticiero* insistía en recalcar a súas orixinais e meritorias contribucións no exemplar do 23 de setembro de 1912.



Don MANUEL DE CASTRO Y LÓPEZ, en 1912.

Así mesmo, a revista viguesa *La Ilustración Gallega*⁶⁶ prestaría atención ao labor que Castro López desenvolvía no seu exilio americano, destacando –nunha referencia biográfica que asinaba o seu compañeiro e discípulo Francisco Sánchez García– o seu carácter de representante insigne da intelectualidade galega no continente suramericano. Era descrito como un home máis ben groso, de ollos vivaces, cerebro potente e baixa estatura, que era, ademais de escritor e poeta, “historiólogo profundo y verdadero”, insistindo en que a súa obra intelectual era unha das máis colosais realizadas en América do Sur, polo que se facía merecedor dun sobranceiro premio.

65 Jesús Segundo Rey Alvite (1878-1941) foi un mestre e xornalista que traballou, entre outros medios de prensa, como correspondente de *El Eco de Galicia* bonaerense.

66 *La Ilustración Gallega*, ano II, nº 27 do 25-09-1912, p. 8.

O historiador infatigable e o poeta ocasional

Os trinta e tantos anos que Manuel Castro López residiu na Arxentina permitiríanlle acometer, ademais da periodística, un denso labor investigador que se centrou fundamentalmente en estudos biográficos sobre galegos ilustres que desempeñaron papeis importantes na colonización e no proceso civilizador americano, mesmo propiciando rectificacións das visións existentes sobre a emancipación⁶⁷. Reeditaba así, desde outro ámbito xeográfico e histórico, as inclinacións pola biografía e a historia que xa demostrara en Lugo e en Galicia coas súas obras *Hijos distinguidos de la provincia de Lugo* e *Efemérides galaicas*.

A relación de todos os traballos de carácter histórico dos que foi autor é moi ampla e abarca máis de dúas décadas. Entre eles, sen afán exhaustivo, poderían destacarse os seguintes, nos que se indica o ano de publicación: *Rosalía de Castro* (1897); *César A. Cisneros Lucas* (1899); *El padre intelectual de los próceres de la Independencia Argentina* (1903); *Un heterodoxo español en el primer claustro universitario de Buenos Aires* (1904); *El Dr. Melchor Fernández* (1905); *Una expedición de La Coruña al Plata en 1526* (1907); *Un nuevo hijo ilustre de Galicia: Don Juan Alsina* (1908); *Fray Pedro Guitián* (1908); *El coronel José Neira* (1908); *El padre de Rivadavia* (1909); *Don José María de Gorondo* (1909); *El explorador Villarino* (1909); *Gallegos que ayudaron a la emancipación sudamericana* (1910); *Vieytes* (1911); *El Tercio de Galicia en la defensa de Buenos Aires. Documentos inéditos* (1911); *El licenciado Moreiras* (1913); *Los fundadores de la capilla del Carmen y del palacio del Consejo Nacional de Educación de Buenos Aires* (1915); *Don Joaquín Gundín. Su autobiografía, introducción y notas* (1918); *Bernardo de Pampillo* (1919); *La ascendencia de Ribadavia* (1919) e *De mi firma* (1921)⁶⁸.

67 Segundo recolle Joaquín Pesqueira en *Vida Gallega* do 20-03-1925.

68 Sobre a indiscutible importancia de Castro López para a historiografía latinoamericana vid. Bresciano, Juan Andrés, *Manuel Castro López, historiógrafo de la presencia gallega en la independencia rioplatense*.

Aínda que cunha produción moito máis limitada que a histórica tamén atendería Castro López á chamada da poesía. Xa en 1882 o *Liceo Brigantino* anunciaba⁶⁹ a publicación dun libro de versos de Castro López que eloxiaba como obra dun prometedor poeta, destacando as melancólicas composicións de ton filial e patrio: *Amor de un hijo*, *A mi madre*, *A la patria...*; porén, os temas dos poemas que compoñen o libro son diversos, nalgúns parece que chora a fe perdida, noutros manifesta o seu amor ao progreso, e noutros o respecto á democracia.

Da súa produción poética posterior poderíanse destacar as composicións *O consolo*, á que puxo música Egidio Paz Hermo⁷⁰, e *Unha lección*. Sería autor, ademais, de tres relatos: *Polo fogo*, *Volubilidad da muller* e *Un home san que pide meiciña*, narracións divulgadas respectivamente no *Almanaque Gallego* nos anos 1899, 1902 e 1903⁷¹, a mesma publicación que recolleu moitas outras colaboracións súas. Ademais, compoñería a cantata titulada *Amor patreo*⁷² con música de Egidio Paz Hermo, quen tamén puxo música a unha canción galega de Castro López que levaba o expresivo título de *Saudades*⁷³.

Tampouco desprezaría o activo polígrafo algunhas oportunidades oratorias como cando en 1911 pronunciou en Bos Aires un discurso sobre Nicomedes Pastor Díaz na conmemoración do centenario do seu nacemento, acto no que destacou as calidades do viveirense como poeta, político, escritor e sociólogo⁷⁴.

69 *Liceo Brigantino*, ano I, nº 9 do 20-10-1882.

70 *Correo de Galicia* do 13-06-1975. *Ib. Hogar gallego*, ano I, nº 6 do 26-11-1922.

71 Un comentario destes textos en Centro Ramón Piñeiro (ed.). *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*. Santiago de Compostela. ISBN 84-453-3736-X. Consultado o 28 de xaneiro de 2021.

72 *El Regional* do 15-09-1902.


73 Egidio Paz Hermo (1863-1933) foi un músico coruñés emigrado á Argentina en 1888 con quen Castro López colaborou como letrista, ademais das obras citadas, co poema *O medianoiro*. Paz Hermo participou tamén en varios números do *Almanaque Gallego*.

74 *La Correspondencia Gallega* do 28-09-1911. *Ib. Galicia nueva*, ano V, nº 1341 do 28-09-1911.

Os últimos anos: máis mostras de consideración

Todo o amplo labor publicista de Castro López non pasou desapercibido en España na recta final da súa vida, e así en 1921 o Goberno español concédelle a *Encomienda de Isabel la Católica* a proposta da Academia da Historia e como resposta concreta aos traballos que presentou no II Congreso Hispano Americano de Sevilla dese mesmo ano (cuarto centenario do paso do estreito de Magallanes); este debeu ser o único momento en que regresou ao seu país de orixe, neste caso como delegado da nación Arxentina⁷⁵.

Eloxiosa era tamén a referencia que sobre Castro López publicaba o semanario *El Tea* que se editaba en Vigo e que en 1921⁷⁶ resaltaba o traballo que realizaba o publicista lucense a prol de Galicia, intensa actividade investigadora que sería recompensada co seu nomeamento como comendador da Orde de Isabel la Católica e coa de cidadán honorario de Sevilla, con ocasión do mencionado II Congreso Hispano Americano.



El insigne polígrafo en una de sus últimas fotografías (1923)

No mesmo ano de 1921 *A Terra*, a revista mensual que publicaba o Centro Gallego, dedicaba unha fotografía e unha longa referencia a Castro López⁷⁷ na que incluía referencias biográficas xa coñecidas e na que destacaba o seu labor á fronte de *El Eco de Galicia* e o *Almanaque Gallego*, xunto a outras numerosas colaboracións e publicacións, sen esquecer os amplos honores recibidos. No mesmo número figuraba unha agradecida colaboración de Castro López.

Con motivo dunha homenaxe que se lle dedicou en Buenos Aires no Teatro Galicia en 1923 cando se lle entregaron as insignias da *Encomienda de Isabel la Católica*, telegrafouse ao alcalde de Lugo, Ángel López Pérez, solicitándolle que se puxera o nome de Manuel Castro López a unha rúa da cidade⁷⁸. Mesmo resulta significativo que por entón un periódico católico

75 *El Regional* do 03-10-1921. *Ib.* *A Terra*, ano II n° 16 de agosto de 1921. *Ib.* *Boletín oficial del Centro Gallego*, ano X, n° 121 do 31-12-1922 e ano XI, n°. 129 do 31-08-1923 con referencias sobre o banquete homenaxe ofrecido na Casa de Galicia. *Ib.* *El Correo de Galicia* do 21-08-1921 e 26-11-1922. *Ib.* *El Diario de Pontevedra* do 10-01-1922, cun artigo no que se facía eco do nomeamento como comendador e o xustificaba plenamente, chegando a solicitar o envío dun barco de guerra para traer a Galicia os seus restos se é que finaba en América.

76 *El Tea*, ano XVI, n° 356 do 13-11-1921.

77 *A Terra*, ano I, n° 12 de abril de 1921.

78 *El Correo Gallego* do 13-01-1923. Os dereitos da *Encomienda* pagounos o reitor da Universidade Central de Madrid José Rodríguez Carracido e as insignias a colonia española na Arxentina.

lucense como *La Voz de la Verdad* considerase merecida a homenaxe e recoñecese a brillante actividade literaria e investigadora que realizaba⁷⁹.

En 1924 durante a celebración en Bos Aires dun Congreso Internacional de Historia e Xeografía de América no que Castro López participou activamente como delegado da Real Sociedad Geográfica de Madrid, foi outra oportunidade para que unha vez máis o periódico lucense *La Voz de la Verdad* recollese nas súas páxinas a laudatoria referencia que publicou Antón de Pepiño no xornal compostelán *Diario de Galicia*⁸⁰.

A memoria póstuma

Mais o extraordinario esforzo desenvolvido por Manuel Castro López pasoulle factura, e cando acadaba a sexta década de vida a súa saúde comezou a esmorecer e o activo escritor morrería en Buenos Aires o 25 de xuño de 1926 a piques de cumprir os 66 anos de idade, deixando inéditos dous traballos, un sobre *Los catedráticos del Real Colegio de San Carlos de Buenos Aires* e outro sobre *Pedro Antonio Cerviño*, de quen desexaba preparar unha biografía máis extensa.

As respostas ao seu pasamento non tardaron en producirse, comezando naturalmente polas publicacións que dirixía o falecido. Na páxina 6 do exemplar de *El Eco de Galicia* do 30 de xuño de 1926 incluíase un artigo de Ramona de la Peña advertindo que ese número fora preparado polo seu esposo que o rematou pouco antes do seu falecemento, polo que tal exemplar debería entenderse como unha homenaxe póstuma ao moi prezado director. As referencias biográficas e os restantes comentarios serían profusamente recollidos meses despois nun número especial do periódico no que se recordaba a súa vida e a súa obra aderezada con numerosas

79 *La Voz de la Verdad* do 04-01-1923. Tal vez algo tivera que ver que o seu irmán Ramón fora colaborador do periódico. A petición da Casa de Galicia en Bos Aires de que se lle dera o seu nome a unha rúa de Lugo, pasaría a estudo dunha comisión de goberno do Concello nunha sesión do 24 de febreiro (*La Voz de la Verdad* do 25-02-1923).

80 *La Voz de la Verdad* do 20-11-1924.

ilustracións, datos biográficos e notas necrolóxicas recollidas de diversos periódicos da Arxentina e Galicia⁸¹.

O número indicado, que chegaba ás 25 páxinas, abríase cunha emotiva portada tras a que se aportaba unha densa información sobre a personalidade de Castro López, con pormenorizados datos da súa biografía ata chegar ao momento do exilio, é dicir, cando embarca no *Ohio* na Coruña –o que fai dudar sobre o porto de partida– con rumbo á Arxentina tras recibir a sentida despedida dalgúns amigos como Moreno Barcia ou Galo Salinas. Mentres, resaltábase que o seu recoñecido prestixio intelectual permitíalle relacionarse con personaxes tan distintos como eran o bispo Antolín López Peláez, o gobernador lucense César Ordax Avecilla ou o polígrafo Marcelo Macías, con quen intercambiou epístolas e publicacións.




Fig. 12. Portada de *El Eco de Galicia* do 1 de novembro de 1926 dedicado á morte de Manuel Castro López.

81 *El Eco de Galicia* do 01-11-1926. *Ib.* Unha referencia en *El Regional* do 24-12-1926.

Na Arxentina os méritos de Castro López foron rapidamente recoñecidos converténdose axiña en director de *El Eco de Galicia* e en destacado membro de diversas asociacións e institucións, desenvolvendo unha vida social e intelectual moi activa que se describía minuciosamente. Particular atención merecía o seu traballo en *El Eco de Galicia* e no *Almanaque Gallego* como logros periodísticos máis importantes, aínda que era moi longa e diversa a serie de publicacións nas que tiña colaborado.

Coa chegada do século XX non decaeu a súa intensa produción sen que o noso autor perdera de vista en ningún momento as relacións coa súa terra natal galega desde a que en 1907 lle remitiron “un cálido mensaxe de simpatía” asinado por numerosas plumas ilustres. Era unha das múltiples distincións que mereceu en vida, algunhas das cales xa quedan reflectidas neste traballo. O periódico ofrecía, ademais, unha relación das súas publicacións, que se iniciaban coa obra *Los jesuitas al desnudo* de 1887, e na que se distribuían os proteicos artigos por apartados, segundo as publicacións onde tiñan aparecido. Os trazos biográficos remataban coa noticia do seu falecemento e da súa inhumación, incluíndo os discursos pronunciados nese fúnebre acto e entre eles o de Marcelino Vázquez Salgado que representaba o Centro Lucense. Viñan logo, as múltiples referencias póstumas da prensa arxentina e galega, así como as numerosas condolencias particulares e institucionais recibidas.

Moita atención concederíalle tamén o seu querido *Almanaque Gallego* que ocupaba gran parte do último número, o correspondente ao ano de 1927, con referencias ao que fora o seu gran promotor. A vida e obra de Manuel Castro López eran minuciosamente analizadas (pp. 13-34): os primeiros anos, a publicación de *Los jesuitas al desnudo* cun prólogo de Manuel Amor Meilán, a fundación de *El Ciudadano* do que só puideron saír catro números pola declarada oposición clerical⁸², a aparición do traballo *Efemérides Galaicas* que facía máis accesibles os estudos históricos, e a de *Hijos distinguidos de la Provincia de Lugo* que

82 A declarada intolerancia contra este periódico por parte da Igrexa lucense e do bispo Aguirre foi criticada por un correlixionario, Telesforo Ojea y Somoza, o que Castro López agradeceu na biografía que lle dedicou na súa obra *Hijos distinguidos de la provincia de Lugo*.

suporía un achegamento ao ámbito biográfico, e, por fin, a fundación da *Sociedad de Escritores y Artistas de Lugo* que renovaría a vida intelectual e artística da cidade na que nacera.

O xornal comentaba tamén o exilio a América (o 17 de abril de 1892) explicable polo “enrarecimiento de la atmósfera social” co que o apremaba a xerarquía eclesiástica. Na Arxentina, Castro López recuperaría a idea dunha confederación entre España e as repúblicas hispanoamericanas, e logo desenvolvería un arduo traballo periodístico en *El Eco de Galicia* que completou cunha intensa vida social, institucional e literaria da que unha das mellores mostras foi a fundación do *Almanaque Gallego*, que editaría desde 1898 e que o comentarista entendía “que constituye hasta ahora el más elevado y firme de los esfuerzos realizados por los gallegos en América”. Durante 20 anos reuniu nesa publicación os nomes de practicamente todos os importantes representantes das letras, as ciencias e as artes de Galicia. Xunto a isto, como periodista Castro López tiña colaborado ao longo da súa vida con máis de cincuenta publicacións, entre elas *El Diario de Lugo*, *El Clamor de Galicia*, *El Buscapié*, *El Regional* e *La Idea Moderna*, ademais por suposto de *El Ciudadano* e *La Juventud Galaica* tan afines ao seu talante progresista.

Desde o punto de vista ideolóxico o escritor mantivo unha clara identidade como republicano e federalista durante os seus anos en España, postura que non abandonou no exilio afiliándose en 1903 á Liga Republicana Española en Bos Aires de cuxo primeiro comité central formou parte. Tamén tivo excelentes relacións cos rexionalistas galegos e en 1899 foi nomeado socio de mérito da Liga Gallega⁸³. A súa defensa da terra natal sería recoñecida en 1905 coa dedicatoria múltiple⁸⁴dun Álbum iluminado por Vicente Díaz y González no que se incluíu a dedicatoria seguinte: “Galicia agradecida a su preclaro hijo el gran patriota y notable escritor don Manuel Castro López. El Ferrol, 1905”. Tampouco se esquecía no comentario

83 A Liga Gallega era unha asociación rexionalista que se fundou na Coruña en 1897 baixo a presidencia de Manuel Murguía.

84 Entre os catro mil asinantes figuraban Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía, Eugenio Carré Aldao, Marcelo Macías y García, Wenceslao Fernández Flórez, Segundo Moreno Barcia, Manuel Mosquera Lequerica e Jesús Rodríguez López.

unha ampla relación das moitas distincións que recibira, entre as que destacaba o seu nomeamento como membro de Real Academia Gallega⁸⁵, e os de socio da Real Academia de la Historia⁸⁶ ou da Real Sociedad Geográfica⁸⁷, ás que habería que engadir outras honrosas concesións americanas⁸⁸.

As noticias sobre a súa vida e a súa obra completábanse cunha exhaustiva relación de heteroxéneos traballos (pp. 35-47), pormenorizando aqueles publicados nos diversos números do *Almanaque Gallego*, da *Revista de Derecho*, da de *Historia y Letras* de Buenos Aires, da *Revista Argentina de Ciencias Políticas* e da *Revista Histórica* de Montevideo.

As páxinas deste panexírico e extenso recordo do *Almanaque Gallego* pechábanse cos pormenores da súa morte, producida na localidade de Turdera o 25 de xuño de 1926, e do seu enterro, sen esquecer os discursos pronunciados con tal ocasión. Toda a extensa reportaxe completábase con algunhas referencias epistolares, un *In Memoriam*, un traballo de Castro López sobre *Calles y Plazas de Buenos Aires* e unha selección de fotografías do personaxe en distintos momentos da súa vida, imaxes das que aquí recolleemos algunhas mostras (vid. Ilustracións 1, 4, 10 e 11).

Outras moitas publicacións arxentinas amosarían o seu sentimento pola morte do relevante inmigrado. Na referencia necrolóxica de *El Eco de Galicia* nomeábanse ata vinte apuntes neste sentido, e podemos aquí recordar a modo de exemplo as do órgano das sociedades agrarias e culturais galegas

85 *El Compostelano* do 19-07-1920.

86 *La Correspondencia Gallega* do 26-07-1909. *Ib.* *El Eco de Galicia* de 10-08-1909. *Ib.* *Galicia: revista semanal ilustrada*, ano VIII, nº 39 do 25-09-1909.

87 *El Diario de Pontevedra* do 30-01-1917 e *El Progreso* (Pontevedra) do 03-02-1917.

88 Como a de presidente honorario da sociedade Unión Gallega (Boletín oficial del Centro Gallego, ano XII, nº 141 de 15-05-1915); antes xa fora presidente da comisión (*La Idea Moderna* de 24-04-1908; *Galicia*, ano III, nº 12 do 15-06-1908 e *Galicia nueva*, ano II, nº 339 do 29-04-1908). *Ib.* *El Primitivo: revista mensual propiedad del Orfeón Gallego Primitivo*, ano II, nº 15 do 01-04-1907 e ano III, nº XXIX do 01-04-1908.

na Arxentina *El despertar gallego* no seu número do 4 de xullo de 1926, a de *El Heraldó Gallego*, órgano das comunidades galegas do Prata, no número do 4 de xullo de1926 e a da *Revista del Centro Gallego*, 2ª época, ano VII, nº 115 de xullo de 1926.

Tamén houbo resposta á morte de Manuel Castro López por parte dos diarios lucenses. Así, *El Regional*, co que mantivera relación antes e despois do seu exilio, daba conta da lutuosa noticia no número de 2 de xullo de 1926, advertindo que desde facía algún tempo a súa saúde estaba quebrantada polo intenso traballo que desenvolvía, sempre orientado na defensa de Galicia e na busca de enaltecela. O xornal liberal manifestaba un profundo pesar polo óbito, recordaba os seus primeiros pasos como periodista en Lugo, e como, con José Fernández Carballo, Aureliano José Pereira e outros, interviñera na fundación en 1884 do diario que agora se facía eco da súa morte. Logo, aludía á actividade periodística desenvolvida en *El Eco de Galicia*, revista que compraría a José María Cao Luaces e que melloraría substancialmente, sen esquecer as sucesivas edicións do magnífico *Almanaque Gallego*, publicación anual que contou coa pluma dos mellores poetas e prosistas galegos da época. A isto había que engadir a redacción de numerosas biografías resultado de meticulosas investigacións entre as que destacaban as de moitos galegos non sempre recordados como se merecían. A necrolóxica pechábase co pésame á súa viúva Ramona de la Peña Salvador, tamén escritora, e ao seu irmán Ramón⁸⁹.

Tampouco pasaría por alto o triste acontecemento o diario lucense *La Voz de la Verdad* que destacaba a súa condición de brillante historiador e o seu labor periodístico e moi en particular o realizado a través do *Almanaque Gallego*. O periódico católico dirixía o seu pésame de xeito persoal, e como resultaba lóxico, ao irmán do finado Ramón, párroco de Vilar de Ortelle e colaborador do xornal, quen foi tal vez o responsable doutra referencia (asinada como C. L.) que aparecía

89 *El Regional* do 02-07-1926. Ramona de la Peña, que regresou a Lugo entre setembro de 1896 e xuño de 1897 (*Revista gallega* do 27-09-1896 e 13-06-1897), utilizou o pseudónimo de Morana, publicou na prensa arxentina *Pregoeiro* en 1899 e chegou a ser elixida membro correspondente da Real Academia Galega. O irmán de Manuel, Ramón Castro López, publicaría en 1929 unha recensión histórico-descriptiva da súa parroquia e comarca (Pantón).

días despois e na que recordaba o interese do falecido polas cousas que facían alusión a Galicia, sinalaba algunhas das súas múltiples publicacións e destacaba a achega de *El Eco de Galicia*, semanario que era practicamente da súa exclusiva responsabilidade; por último, aludía ás exequias que se lle dedicaron e que demostraban o grande aprecio que merecía para os arxentinos⁹⁰.

Máis breve era a referencia que ofrecía *La Provincia* do 4 de xullo de 1926, que servía para recordar unha vez máis o prestixio do falecido, o amor que sentira por Galicia e o impulso que dera a *El Eco de Galicia* e ao *Almanaque Gallego*. Este mesmo diario local, algo máis tarde e nun artigo asinado por Ramón Salgado Toimil⁹¹, apoiaba a idea de dedicarlle a homenaxe que merecía, engadindo notas fervorosas sobre o carácter e o legado do ilustre falecido e recordando unha explicativa frase súa case que a modo de epitafio: “Honores no me han faltado. Pero no estoy contento; mi principal labor hállase inédita. Y no me siento bien de salud”⁹².

Outros xornais galegos responderon tamén á noticia da morte do ilustre lucense⁹³. Foi o caso da revista *Vida Gallega*, que xa aludira en varias ocasións ás súas actividades⁹⁴ e que tiña eloxiado as súas obras e especialmente o *Almanaque Gallego*⁹⁵. Con ocasión do seu falecemento dedicárlle sucesivos editoriais

nos números de 10 de agosto e 20 de setembro de 1926 nos que destacaba o labor de Castro López como periodista e como historiador, e demandaba a existencia dunha institución que repatriase os restos dos galegos ilustres coma el. A mesma revista dedicáballe unha páxina enteira no número de 20 de setembro cun retrato e un artigo asinado por Vicente Díaz y González.

El Diario de Pontevedra do 5 de xullo de 1926 daba noticia do óbito de Castro López destacando o seu traballo como historiador e o seu labor periodístico. Tamén *El Compostelano* publicaba en primeira páxina do número de 5 de xullo de 1926 unha columna coa nova do falecido, destacando a actividade que como publicista tiña desenvolvida. Así mesmo, o periódico coruñés *El Ideal Gallego* recollía a lutuosa noticia incluíndo un retrato do escritor e aludindo a que a súa vida e obra xiraran co obxectivo de exaltar a Galicia⁹⁶.



Fig. 13. Necrolóxica. *El Ideal Gallego* do 03-07-1926, p. 2.

Poucos días despois da morte de Castro López, o periodista Joaquín Pesqueira publicaba o 3 de xullo de 1926 un artigo no *Faro de Vigo* solicitando aos lucenses que honrasen a súa memoria, alegación que recollería en Lugo Evaristo Correa Calderón nas páxinas de *El Progreso* o 9 de xullo seguinte pedindo á Asociación de Prensa que se fixera cargo de tal iniciativa. Porén, parece que a cousa limitouse a que o Concello fixese constar en acta o seu sentimento pola morte do escritor lucense⁹⁷.

Tamén desde Lugo, Ramón Robles, que era presidente da Asociación de Prensa en 1926, enviaría unha cara ao director do *Correo de Galicia* en Bos

Aires (José Ramón Lence) na que lle comunicaba que a sociedade Círculo de las Artes pretendía dedicar unha vitrina especial a Castro López coas súas obras, e colocar na casa da Rúa Nova na que nacera unha placa conmemorativa. Para conseguilo solicitaban o apoio dos Centros Gallegos iberoamericanos co fin de que a idea fora adiante. O periódico arxentino prestaba a súa disposición para que tal cousa fora posible, ao mesmo tempo que transmitiría a petición a outros colegas⁹⁸.

Tres lustros máis tarde, a revista quincenal *Pueblo Gallego* publicaba unha referencia sobre Castro López advertindo que a súa vida e obra ben merecía o recordo dos galegos e que a súa homenaxe era unha débeda pendente⁹⁹.

Pero seguiría pasando o tempo sen outras concrecións, e terían que transcorrer dúas décadas máis ata que outra vez a Asociación de Prensa de Lugo, presidida entón polo director de *El Progreso*, Purificación de Cora, retomase a idea de colocar unha placa conmemorativa na casa onde nacera o escritor exiliado¹⁰⁰. O recordo estimulábao o feito de que o 22 de xullo de 1960 cumpríriase un século desde o nacemento do escritor e isto serviría para destacar as súas contribucións como publicista e como conferenciante, promovéndose así unha homenaxe que contaba coa adhesión do Concello e a Deputación e á que asistirían as autoridades locais.

A noticia da homenaxe completábase no mesmo número de *El Progreso* do 13 de xullo de 1960 cun documentado artigo de Dionisio Gamallo Fierros¹⁰¹ no que glosaba a figura do director de *El Eco de Galicia* bonaerense. A desculpa para facer memoria ofrecíaa agora a recente visita do presidente arxentino Arturo Frondizi, acontecemento que invitaba a recordar

90 *La Voz de la Verdad* do 03-07 e 28-07-1926.

91 Salgado Toimil xa tiña dedicado un artigo a Castro López en 1924 (*El Pueblo Gallego* do 23-12-1924) no que situaba os seus inicios literarios no contexto doutros lucenses como Aureliano José Pereira ou Jesús Rodríguez López, sen esquecer detalles dunha vida e obra exemplares que lle permitían comparar o americanismo de Castro López co de Rafael Altamira. Remataba o longo artigo advertindo que o emigrado anhelaba regresar á súa terra e morrer nela segundo lle comunicara persoalmente nunha carta. Pero isto sería algo que non conseguiría.

92 *La Provincia* do 17-07-1926.

93 Mesmo xornais locais da provincia de Lugo, como *La Voz de Mondoñedo* (ano V, nº 199 do 12 de xaneiro de 1907; ano VI, nº 256 do 15-02-1908; ano VII, nº 306 do 30-01-1909 e ano VIII, nº 358 de 29-01-1910), dedicábanlle referencias eloxiosas. O que dá idea tamén do xeneroso labor de difusión que promovía Castro López cando lles enviaba as súas publicacións.

94 *Vida Gallega* do 30-11-1914 p. 24 e 20-11-1916 p. 38.

95 *Vida Gallega*, nº 12, decembro, 1909, p. 27; 15-04-1918, p. 28, 25-01-1919, p. 22 e 20-02-1926, p. 34.

96 *El Ideal Gallego* do 03-07-1926. Un ano despois este xornal advertía que o labor de Castro López por exaltar a Galicia non recibira aínda a recompensa que merecía o seu promotor (*El Ideal Gallego* do 12-10-1927).

98 *El Correo de Galicia* do 12-09-1926. Meses despois o mesmo xornal dedicáballe unha nota necrolóxica na que o consideraba máis un historiador que un xornalista (*El Correo de Galicia* do 05-12-1926).

99 *Pueblo Gallego* do 30-08-1941.

100 *El Progreso* do 13-07-1960. *Ib.* Hoja oficial del lunes de Lugo de 18-07-1960.

101 Dionisio Gamallo Fierros (1914-2000) foi un polígrafo ribadense considerado un experto na obra de Rosalía de Castro e de Curros Enríquez.

a importancia da emigración española no país suramericano. Era evidente que os galegos foron capaces de adaptarse moi ben ás circunstancias que requirían unha aínda temperá independencia das repúblicas americanas, entendendo que a secesión con respecto á metrópole non eliminaba os moitos lazos comúns existentes. Entre os máis ilustres emigrados, Gamallo Fierros recordaba o poeta ribadense Alonso Trelles, o lucense Manuel Castro López e o caricaturista de Sargadelos, José María Cao Luaces. Este último fundaría na Argentina o semanario *El Eco de Galicia*, que desde 1893 pasaría a propiedade do segundo.

Destacábase logo a fidelidade que Castro López tivera sempre cara a Galicia e España desde o seu exilio, sen deixar de agradecer todo o que lle aportara o país de acollida que lle proporcionou traballo, honores e cargos, e polo tanto o personaxe constituía para Gamallo Fierros un modelo prematuro de dobre nacionalidade. Esta condición demostrouna ao longo da súa vida e dos seus traballos, como na monografía “Gallegos que ayudaron a la emancipación sudamericana” publicada en 1910.

Dionisio Gamallo completaría o artigo na honra de Castro López nun número seguinte de *El Progreso*¹⁰²no que facía un resume do percorrido vital do escritor exiliado e no que recordaba o seu interesante estudo *Efemérides Galaicas*, ademais de salientar o profundo arraigo lucense que sempre manifestou. Gamallo rememoraba as referencias de Couceiro Freijomil sobre o emigrado (Couceiro, 1951), nas que, entre outras cousas, afirmaba que exercera como oficial de Xustiza pero que desde os vinte anos amosara unha clara vocación periodística e literaria; tamén recordaba a súa actividade política, as súas primeiras investigacións históricas locais e as iniciativas periodísticas de *El Ciudadano* e literarias de *Efemérides Galaicas*, o seu activismo dentro da Asociación de Escritores e Artistas de Lugo, e logo o seu exilio, que Gamallo Fierros explicaba sinxelamente como que “el tirón de América le induce a embarcarse en La Coruña...”, espida análise que se explica porque o ribadense non desexaba entrar en controversias relixiosas e ideolóxicas que nos momentos en que escribía resultaban pouco oportunas.

Aínda anos despois, desde América, non se esquecía o eximio lucense, e cando o Centro Gallego de Bos Aires convoca unha serie de premios literarios para obras publicadas no ano 1964, un dos galardóns de periodismo, dotado con cinco mil pesos, levaba o nome de Manuel Castro López e concederíase a un artigo de calquera materia relacionada con Galicia e asinado por autor arxentino¹⁰³.

E rematamos. Polo que pode deducirse no longo periplo que temos realizado pola vida e obra de Manuel Castro López, a personalidade do escritor non pasou desapercibida para os seus contemporáneos, mesmo para aqueles que vivían a milleiros de km de onde residía o escritor. Nesta achega biográfica pretendemos destacar especialmente as mostras de aprecio e consideración que mereceu Castro López polo intenso e valioso traballo que levou a cabo durante unha vida na que non apartou os ollos nin a pluma da súa terra natal, pese a que no seu momento esta non foi capaz de aprecialo como merecía.

Por iso, non viría mal, cando se cumpre un século da petición de dar o seu nome a unha rúa de Lugo (o bispo e contrincante xa a ten) e cando se aproxima o centenario da súa morte, que aqueles a quen sempre considerou paisanos promovesen o recordo institucional que merece, xa que poucos levaron o nome da cidade de Lugo coa honra con que o fixo o ilustre xornalista e historiador. Desde logo, moitos mereceno menos.

Bibliografía

Boned Cólera, A., (1996). *El Resumen: estudio de las bases estructurales de periódico de la Restauración*, Historia y Comunicación Social, Madrid: Universidad Complutense.

Bresciano, J. A., (2003). Manuel Castro López, historiógrafo de la presencia gallega en la Independencia rioplatense. En: *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo: Universidad de la República, Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación, pp. 163-184.

https://www.academia.edu/454818/Manuel_Castro_L%C3%B3pez_histori%C3%B3grafo_de_la_presencia_gallega_en_la_Independencia_rioplatense

Couceiro Freijomil, A., (1951). *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Bibliófilos Gallegos, tomo I, p. 265.

Lema Mouzo, R., (2014). *Catalogo de Naufragios. Costa da Morte. Galicia*,).

Prado Gómez, A., (2022). La Asociación de Escritores y Artistas de Lugo, *CROA* nº 32, pp. 94-129.

Revista gallega, ano X, nº 511 de 31-12-1904.

Soto Gutierrez, J., (2012). *As estrelas fugaces*, Santiago de Compostela: ediciones Bolanda S.L.

102 *El Progreso* do 22-07-1960.

103 *La Noche* do 05-01-1965. *Ib. El Progreso* do 10-01-1965.